

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de abril de 2019
Duración	Desde as 20:05 ata as 22:44 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Marcos Besada Pérez
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35566754Z	Carla M ^a Pérez Pérez	SÍ
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76897695R	José Luís González Rodríguez	SÍ
35567092F	Marcos Besada Pérez	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
76908793J	Mirian González Rodríguez	SÍ
76909361Y	M ^a Dolores Castiñeira Alén	SÍ
76902797C	M ^a Teresa Pérez González	SÍ
34873897D	Primitivo González Rodríguez	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ

35564737K	Ángela Ledo Souto	SÍ
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión nº 2019/2 de 22 de febreiro e nº 2019/3 de 8 de marzo.

a) Acta da sesión nº 2019/2, ordinaria de 22.02.2019:

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), o Señor presidente pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2019/2 ordinaria de 22 de febreiro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Núñez Troncoso: Advirte que na páxina 7 no primeiro párrafo, terceira liña, pon 13 000 recibos e debería poñer 1 300.

VOTACIÓN: polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2019/2 ordinaria de 22 de febreiro, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes á sesión.

b) Acta da sesión nº 2019/3, extraordinaria de 8.03.2019:

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), o Señor presidente pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2019/3, extraordinaria de 8 de marzo, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Castiñeira Alen: Advirte que na páxina 4 onde di “dicir que o feminismo non é unha cuestión de todos os días (...)” quixo dicir que o feminismo non é cuestión dun día.

Na páxina 13 onde dí “(...) subir 1400 facturas, así nas manifestaron as administrativas de intervención” debería dicir “así mo manifestaron”.

VOTACIÓN: Non existindo observacións, polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2019/3 ordinaria de 8 de marzo, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes á sesión.

Sendo as 20.10 horas incorpóranse á sesión o Sr. González González e Sra. González Rodríguez.

Sorteo de membros de mesas electorais. Eleccións municipais e ao Parlamento Europeo 2019 (26.04.2019)

Procédese a realizar o sorteo de membros de mesas electorais, mediante sorteo informático pola funcionaria encargada do Rexistro Municipal, en presenza das Concelleiras Sra Castiñeira Alén, Sra. Ledo Souto y Sra. Valcárcel Bernárdez, así como da Sra Secretaria municipal.

Achégase como anexo á presente acta.

Expediente 1033/2019. Alteracións de Bens. Cambio de uso vivanda CRA Raiña Aragonta (BUDIÑO) para uso educativo

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde, da lectura da proposta de acordo seguinte:

“Considerando a seguinte proposta de 16 de abril de 2019 formulada pola Concelleira de Ensino do Concello de Salceda de Caselas:

“O edificio da Aula do CRA Raiña Aragonta na parroquia de Budiño divídese en dúas partes: aula e vivanda. A vivanda leva anos desocupada, o cal está provocando o seu continuo deterioro. Por outra banda o espazo destinado actualmente a patio cuberto na zona empregada polos nenos e nenas faise insuficiente para os alumnos que ten actualmente a aula, polo que se considera que a zona de vivanda podería ser un boa opción para ofrecer un maior espazo cuberto para os cativos, que se empregaría tanto para as clases de psicomotricidade e outras alternativas como para zona cuberta na que os cativos/as poidan xogar os días de choiva.

Para que isto poida ser posible, faise preciso o cambio de uso da parte adicada a vivanda, para adicar o edificio completo a uso educativo.”

Vista a disposición adicional 15ª.2 in fine da Lei Orgánica 2/2016, de 3 de maio, de Educación, segundo a cal, “La conservación, el mantenimiento y la vigilancia de los edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o

de educación especial, corresponderán al municipio respectivo. Dichos edificios no podrán destinarse a otros servicios o finalidades sin autorización previa de la Administración educativa correspondiente”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a), b) e c) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), previo ditame da Comisión Informativa correspondente,

O Pleno da Corporación ACORDA:

Solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia a autorización para o cambio de uso de vivenda do Edificio CRA Raiña Aragonta na parroquia de Budiño, co obxecto de adicar o edificio completo a uso educativo e con elo ofrecer un maior espazo cuberto para os cativos, que se empregaría tanto para as clases de psicomotricidade e outras alternativas como para zona cuberta na que os cativos/as poidan xogar os días de choiva.”

Sra. Pérez González (MS): Fai uns anos cambiáramos o tellado desa aula de Budiño e aproveitando aquelas obras deixamos xa lóbrega a parte de vivenda que actualmente están utilizando como almacén básicamente de obxectos do cole, a intención é acondicionar esa parte do edificio para que poida ser utilizado polos/as nenos/as, faise preciso aprobación en pleno e ademais dicir que a solicitude que emane deste pleno, este punto ten que ser aprobado en Consello Escolar do mesmo colexio, xa a Xunta o deriva ao mesmo. A proposta é recuperar todo o edificio para uso educativo e que os nenos poidan facer uso daquela parte que hoxe en día non teñen disponible.

Sra. Válcarcel Bernárdez (PP): Dende o noso Grupo estamos de acordo que se leven a cabo estas iniciativas, e máis cando é para o disfrute dos nenos, o que si nos da mágoa é que se leve este punto no último pleno do mandato cando xa eran coñecedores desta situación e da demanda que había para facer uso desas instalacións. O noso voto vai ser favor porque é un ben para a cidadanía.

Sra. Ledo Souto (PSdG-PSOE): O noso Grupo tamén está de acordo, xa no seu día a compañeira Marina Cabaleiro foi quen cambiou o tellado e por suposto a rehabilitación dos edificios públicos e máis se é para o disfrute dos nenos mellor, e imos a votar a favor, porque estamos totalmente de acordo.

Sra. Pérez González (PP): Non é por cuestión de méritos, pero o tellado cambiámosto nós.

VOTACIÓN Sometida a votación a proposta do Sr. Alcalde, ésta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia a autorización para o cambio de uso de vivenda do Edificio CRA Raíña Aragonta na parroquia de Budiño, co obxecto de adicar o edificio completo a uso educativo e con elo ofrecer un maior espazo cuberto para os cativos, que se empregaría tanto para as clases de psicomotricidade e outras alternativas como para zona cuberta na que os cativos/as poidan xogar os días de choiva.

Expediente 1032/2019. Alteracións de Bens. Desafectación Escola Regueiro-Budiño

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde da lectura a proposta de acordo seguinte:

“Solicitud a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de autorización para a declaración da desafectación en relación á Escola Infantil de Budiño situada no lugar de Regueiro – Budiño.

Considerando que a Escola sita en Regueiro -Budiño, ten unha antigüidade considerable, sendo construída na época en que era Alcalde Rafael Tilve, usándose como escola infantil.

Considerando que tal escola infantil non reúne as condicións suficientes de habitabilidade e corre risco de derrube parcial.

Considerando que existen unha serie de necesidades do Concello de Salceda de Caselas de diverso carácter social, cultural, etc...

Considerando que a intención do grupo de goberno é manter o carácter de dominio público municipal dos inmobles, mudando só o uso ao que se destinan –mutación demanial-, previa “desafectación” do seu uso educativo coma Escola Infantil.

Vista a disposición adicional 15ª.2 in fine da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, segundo a cal, “La conservación, el mantenimiento y la vigilancia de los edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, corresponderán al municipio respectivo. Dichos edificios no podrán destinarse a otros servicios o finalidades sin autorización previa de la Administración educativa correspondiente”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade de votos a favor, ACORDA:

Solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Xunta de Galicia a autorización para a declaración da desafectación en relación á Escola

Infantil de Budiño situada no lugar de Regueiro - Budiño; para destinala a outros usos de carácter social e cultural, previa incoación do correspondente expediente de mutación de uso e cesión a entidades sen ánimo de lucro. “

Sra. Pérez González (MS): Neste caso o que se trae ao, pleno é outro edificio que está totalmente en desuso. A finalidade, chegado o momento, é recuperar ese edificio para que sexa de uso da parroquia, pero chegado o momento haberá que tomar a decisión, o que se trae hoxe é simplemente o paso de desafectación do edificio que está afectado por Educación para que o Concello teña carta libre, por dicilo dalgún xeito, para decidir a finalidade que se lle poida dar ao edificio chegado o momento.

Sra. Válcarcel Bernárdez (PP): Como no punto anterior o noso Grupo está dacordo con que se leven a cabo estas iniciativas, e por suposto rehabilitar e darlle un uso a eses edificios para que non estean aí a caer. O noso voto vai ser a favor.

Sra. Ledo Souto (PSdG-PSOE): O noso Grupo tamén vai a votar a favor, fai un tempo caían a tellas hacia o patio dos nenos, espero que a partir de agora se teña en conta polo menos a retirada das tellas para que non se caían.

VOTACIÓN Sometida a votación a proposta do Sr. Alcalde, ésta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Xunta de Galicia a autorización para a declaración da desafectación en relación á Escola Infantil de Budiño situada no lugar de Regueiro - Budiño; para destinala a outros usos de carácter social e cultural, previa incoación do correspondente expediente de mutación de uso e cesión a entidades sen ánimo de lucro.

Expediente 986/2019. Inventario ou Catálogo de Bens. Recoñecemento de viario público do camiño denominado “Fonte da Viña”.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 11, En contra: 0,
Abstencións: 2, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde da lectura da proposta de Alcaldía seguinte:

“Considerando que o 9 de abril de 2019 Dna. Marta Pacheco Sanjuan, presentou instancia interesando o recoñecemento de viario público do camiño “Fonte da Viña” sito no barrio de Condide, parroquia de San Xurxo.

Considerando que o arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso emitiu informe nº 2019-0088 do 11 de abril, no que fai constar que "(...) dende o punto de vista técnico non se observa impedimento para incorporar dito camiño ao inventario de bens municipais."

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

O Pleno municipal ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o recoñecemento de viario público o camiño "Fonte da Viña" sito no Lugar de Condide, parroquia de San Xurxo tal como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no informe técnico nº 2019-0088 do 11 de abril, emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

TERCEIRO: Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerárase aprobada definitivamente esta modificación do Inventario de Bens Municipais de Salceda de Caselas, e remitirase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.

CUARTO: Notificar este acordo aos interesados. "

Sr. Nuñez Troncoso: Xa dixemos en Comisión que estabamos de acordo en incorporalo, non temos nada que dicir sobre este punto.

Sra. Tourón Domínguez: Nos neste punto ímonos a abster, non porque non esteamos de acordo, se non porque nós falamos coa persoa que fixo a solicitude pero non fomos capaces de falar cos veciños afectados, aínda que mirando o lugar favorece a todo o mundo que está alí, a nosa abstención basease en que non falamos con todos os afectados por esa modificación.

Sr. González Rodríguez: Movemento Salceda vai votar a favor vista a solicitude da interesada e dado que na zona non houbo impedimentos que así se declarase, o voto vai ser a favor.

VOTACIÓN: Polo sr. Alcalde sométese a votación a súa proposta, e o Pleno da Corporación Municipal, por ONCE votos a favor do do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e DÚAS abstencións do Grupo Municipal PSdeG-PSOE; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o recoñecemento de viario público o camiño “Fonte da Viña” sito no Lugar de Córdide, parroquia de San Xurxo tal como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no informe técnico nº 2019-0088 do 11 de abril, emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

TERCEIRO: Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerárase aprobada definitivamente esta modificación do Inventario de Bens Municipais de Salceda de Caselas, e remitirase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.

CUARTO: Notificar este acordo aos interesados.

Expediente 989/2019. Inventario ou Catálogo de Bens. Modificación do inventario de bens municipais, por coller mais metros dos correspondentes da parcela 973 do polígono 15.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. Alcalde: Neste caso tratáse de cando se alineou o camiño público, onde está o bar Cruceiro en Parderrubias, no seu momento o propietario como había un bar retirou un muro de peche, para ter unha entrada e un aparcamento para os usuarios do bar e cando se alineou o camiño colleuse a parcela privada.

O Sr. Alcalde da lectura da proposta de Alcaldía, que literalmente di:

“Considerando que o 26 de febreiro de 2019 D. Marcelino Estévez Domínguez, presentou instancia interesando a modificación do inventario de bens municipais dado que se collen máis metros dos correspondentes da parcela 973 do polígono 15 pola Estrada da Portela a Fontán.

Considerando que o arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso emitiu informe nº 2019-0090 do 12 de abril, no que fai constar que “(...) dende o punto de vista técnico considerase que, deberá grafarse como ben municipal a superficie existente entre o eixo da estrada da Portela a Fontán e a aliñación situada a unha distancia de 4 metros de dito eixo afectando a unha parte da parcela 973.”

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

O Pleno municipal, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do inventario de bens municipais, dado que se collen máis metros dos correspondentes da parcela 973 do polígono 15, tal como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no informe técnico nº 2019-0090 do 12 de abril, emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

TERCEIRO: Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerárase aprobada definitivamente esta modificación do Inventario de Camiños Públicos de Salceda de Caselas, e remitírase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.

CUARTO: Notificar este acordo aos interesados.

Sr. Nuñez Troncoso: *Xa falamos co solicitante, propietario do terreo afectado, e estamos totalmente de acordo, aquí hai un erro que ven do inventario de resalidos municipais polo tanto non temos ningunha obxección ao respecto.*

Sra. Tourón Domínguez: *Por parte do partido socialista tampouco, é un erro que hai que solventar e estamos a tempo de facelo, co cal o noso voto vai ser a favor.*

VOTACIÓN Sometida a votación a proposta do Sr. Alcalde, ésta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do inventario de bens municipais, dado que se collen máis metros dos correspondentes da parcela 973 do polígono 15, tal como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no informe técnico nº 2019-0090 do 12 de abril, emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

TERCEIRO: Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerárase aprobada definitivamente esta modificación do Inventario de Camiños Públicos de Salceda de Caselas, e remitírase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.

CUARTO: Notificar este acordo aos interesados.

Expediente 990/2019. Inventario ou Catálogo de Bens. Recoñecemento de camiño público de acceso á parcela 1520 do polígono 19.

Non hai acordo

Motivo: Retirado da orde do día

Sr. Alcalde: Este punto imos a retiralo da orde do día porque si ben é certo que hai unha petición inicial por parte de Miguel Ángel Troncoso Fernández, isto é no barrio de Pedra onde está o aparcamento que entra cara a Pedra, pedía cambiar a público un camiño de acceso a súa vivenda pero o venres os propietarios, a través da presentación dun documento privado acreditan que non é un camiño público, o informe do Arquitecto técnico municipal indica que ese camiño é un camiño de servizo que no seu momento se pactou entre os propietarios e para darlle un acceso sería en todo caso como camiño de servizo, entón si vos parece sacámolo da orde do día.

Sr. Núñez Troncoso: Neste punto nós tamén falamos cos afectados e non ten sentido que este camiño pase a ser público, isto ven tamén a consecuencia das presas de última hora, cando aquí habería que facer un expediente de investigación, antes de andar a correr, Nun mes e medio se tramitou este expediente, algúns expedientes levan esperando un ano pero este un mes e medio, as presas traen estas consecuencias, veñen expedientes sen documentar o suficiente e agora hai que retiralo, nós tamén iamos a pedir a retirada por estas discrepancias e polo tanto está ben que se retire da orde do día.

Sra. Tourón Domínguez: Pola nosa parte que queden dous cousas en acta, primeiro que o Alcalde segue facendo o mesmo, facer as cousas sen falar cos veciños afectados, o primeiro que se debe facer é falar cos veciños afectados, neste punto nótase que non se fixo e agora pídese a retirada da orde do día. Segunda, acabo de ver, aproveitando que os compañeiros baixaron a ver o sorteo das mesas, que no meu correo entrou ás sete menos cinco da tarde un correo cun informe sobre este punto e un informe sobre outro punto posterior que falarei del cando cheguemos, paréceme que é outro exemplo máis de que se fan as cousas a correr, tarde, mal e arrastro, despois utilizamos folletos para dicir que o Partido Socialista non ten iniciativas, levamos catro anos nos que moitas veces se non son polas iniciativas do Partido Socialista a orde do día do Pleno estaría totalmente valeira, en cambio estamos no último pleno ordinario desta lexislatura e traemos quince puntos, as presas de última hora. Nos tamén iamos a pedir a retirada deste punto da orde do día, non quero reafirmarme pero si quero que esas dúas cousas queden en acta.

Sr. Alcalde: Por aclarar acabo de facelo no anterior, aquí o que se aproba é inicialmente, os propietario ou afectados, empezando polos grupos políticos teñen dereito dentro do prazo de exposición pública a alegar o que consideren, aquí ninguén é adiviño para saber os contratos privados ou documentos privados que existen, para iso existe a aprobación inicial co seu período de alegacións, que pode facer constar calquera que se sinta interesado, fíxose así en todo o inventario, e non é que o traia eu, neste caso hai un veciño que é Miguel Ángel Troncoso Fernández, igual que no resto dos casos, que o presentou por rexistro e ten dereito a traelo ao pleno, si o pleno ordinario coincide.

Sr. Núñez Troncoso: O Alcalde acaba de dicir cal é o procedemento, e vai a retira o punto, o cal é un pouco incogrúente, o que había que facer é asegurarse realmente e traer o expediente completo, e aquí estamos falando de poucos propietarios, pero no punto seguinte van a ser mais afectados.

Expediente 992/2019. Inventario ou Catálogo de Bens. Baixa no Inventario de Bens Municipais do vieiro público denominado “Camiño do Torreiro a Castiñeira”.

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Sr. Alcalde: Como xa comentei na Comisión informativa antes de que entrara en vigor o período de exposición pública posterior a aprobación inicial do inventario, presentouse unha alegación previa, non alegación porque aínda non estaba en vigor o período de exposición pública, polo que non figura no certificado de Secretaría das alegacións presentadas en tempo e forma e que despois se informaron e se trouxeron a Pleno; por todo iso esta alegación quedou nese estado de “stand by”. Unha vez que fomos coñecedores do sucedido e que non lle respostamos a apreciación, o que fixemos foi que a solicitara de novo para traela a este pleno.

Da lectura a proposta de acordo seguinte:

Considerando que o 8 de marzo de 2019 Dna. Beatriz Fernández Alonso, presentou instancia interesando a baixa no Inventario de bens municipais do vieiro público denominado “Camiño do Torreiro a Castiñeira”, no lugar de Torreiro e recollido no mesmo co número de Orde 411, por atoparse sobre a súa parcela.

Considerando que o arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso emitiu informe nº 2019-0086 do 11 de abril, no que fai constar que “(...) dende o punto de vista técnico considerase motivada a súa baixa no inventario municipal.”

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente a baixa no Inventario de bens municipais do vieiro denominado “Camiño do Torreiro a Castiñeira” e recollido no mesmo co número de orde 411 xa que, unha vez comprobada e verificada a documentación achegada, queda probado que o camiño do que se solicita a baixa atópase sobre a parcela da solicitante tal como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no informe técnico nº 2019-0086 do 11 de abril, emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.*

SEGUNDO: *Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.*

TERCEIRO: *Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerárase aprobada definitivamente esta modificación do Inventario de Camiños Públicos de Salceda de Caselas, e remitirase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.*

CUARTO: *Notificar este acordo aos interesados. “*

Sr. Núñez Troncoso: Este punto xa é mais grave, fixo mención a que se había presentado unha alegación previa a aprobación do inventario que xa nolo dixo na Comisión Informativa, pero esa solicitude previa no expediente non está, aquí o único que temos é unha solicitude do 8 de marzo tamén cun procedemento exprés, mes e medio, xa lle gustaría a moitos veciños que se resolveran os expedientes en mes e medio. Esta é outra consecuencia das presas de última hora, sabe Alcalde a cantos veciños propietarios lle afecta esta proposta? Non sabe, a 34 propietarios, non lle parece que sería mais sensato cando falamos desta envergadura de afectados abrir un expediente de investigación para ver realmente é camiño de servizo como pide a solicitante ou é realmente un camiño público? Empezamos a casa polo tellado.

Alcalde: O proceso de aprobación inicial e despois o período de alegacións é a tramitación que se está a seguir e que esixe o proceso de investigación, cada un poderá alegar o que considere, sexan 34 veciños ou sexan máis.

Sr. Núñez Troncoso: Non sería mais fácil para eses 34 veciños que o Concello abrirea un expediente de investigación e evitarlles que teñan gastos? pedir informes técnicos, non lle parece que sería moitos mais fácil e sinxelo? Sabe o Alcalde que sobre ese camiño hai concedida unha licenza? Non sabe, pois hai concedida unha licenza, e agora ao pasar o camiño público a camiño de servizo, que pasa con esa licenza? Hai que traer os expedientes completos, aquí hai dous concelleiros que din que son desa parroquia e saben perfectamente que alí hai unha casa que ten licenza por aí. Pois se ten unha licenza como pretende facer isto agora? Eliminar este camiño

de público para pasalo a servizo, imaxino que saberá as consecuencias que implica tomar este acordo, polo tanto nós o que pedimos é que se retire este punto como se retirou o anterior e que se abra un expediente de investigación, e en función do expediente de investigación pois que se decida. Cando estea o expediente completo que se traia a este pleno e se tomará a decisión que corresponda. Pedimos a retirada deste punto.

Sr. Alcalde: Si destes a licenza, sobre que camiño público a destes? Eu entendo que se deu sobre a carretera, porque é o único que se puido dar no ano que ti eras concelleiro, outra cousa é que se dera dende que se aprobou o inventario fai tres anos, entón si habería este camiño publico de referencia e no que acabas de argumentar terías parte de razón. Eu entendo que esa licenza se deu sobre a estrada xeral porque é a única posibilidade legal, argumentar que hai unha licenza, que ao mellor é irregular, como argumento para iso, ti terás coñecemento directo como veciño e como concelleiro que fuches da corporación de deu esa licenza.

Sr. Nuñez Troncoso: Se pensa que esa licenza está mal concedida a que espera para abrir un expediente de investigación? Cal serían as consecuencias de agora mesmo ese camiño pasa a ser de servizo? Non sei cal é a presa deste expediente, o que si sabemos son as consecuencias.

Sr. Alcalde: Presa ningunha, reitero, hai unha veciña que solicita algo que ten dereito, o que si está claro porque a solicitude ten dúas partes, unha é que o camiño está trazado sobre a súa parcela, aí estaremos de acordo, ese primeiro tramo está sobre a súa parcela, o camiño que está grafiado en catastro, estamos de acordo con iso ?

Sr. Núñez Troncoso: No, non estudiou ben o tema.

Sr. Alcalde: Con iso non estamos de acordo pero a licenza que concediche en Comisión de Goberno, sobre que camiño deches a licenza?

Sr. Nuñez Troncoso. Ese camiño pasa, certo, pola parcela da solicitante, pero non inicialmente, ese camiño onde se inicia non é da solicitante, vostede sabe cales son as parcelas? Está no interior do camiño, non no inicio do camiño.

Sr. Alcalde: Estouche falando de como está en catastro e no inventario, esta no interior que é o que solicita.

Sra. Touron Domínguez: Non sei si hai licenza ou non, o que si sei é que é unha continuación dos puntos anteriores, traemos as cousas sen falar con ninguén, quedoume unha dúbida tal como falou o Sr. Alcalde antes, é dicir, calquera petición que entre por rexistro o Sr. Alcalde a atende e a trae a pleno, sen mirar nada máis, nen estudar? Eu si preguntei a veciños de alí, e si e verdade que hai veciños que lles

afecta que este camiño pase de público a servizo, creo que se debería retirar o punto da orde do día, ver cal é a casuística do caso e comprobar en que condicións foi outorgada esa licenza. Eu quedo alucinada, aquí se falan de licenzas ilegais así ao libre albedrío nun pleno da corporación.

Sr. Alcalde: Eu non dixen que houbera unha licenza ilegal, eu o único que digo é que si Joaquín fala que hai unha licenza, polo tanto é coñecedor e ten que selo porque a deu el, dado que hai unha licenza que me diga que camiños utilizou, eu non vou a entrar a valorar si a licenza foi ben outorgada ou irregular, non digo que fose ilegal, en todo caso o dirá o xuíz non eu. En quince anos non fun en contra de ningunha licenza previamente outorgada, de ningún veciño. O que si está claro neste caso e o acaba de confirmar Joaquín, e que a persoa que presenta a solicitude ten a parcela en catastro e no inventario no medio do camiño. Se abrimos un proceso de exposición pública eses 34 afectados que citas ti, terán que presentar alegacións se teñen razón, terán que vir a pleno e aquí decidiremos, polo que se abre o período de investigación por dicilo de algunha maneira, como marca a regra; aprobación inicial, período de alegacións, despois terá que haber informes técnicos e xurídicos da alegacións, se procede, se se demostra e hai persoas e propietarios que din que ven afectados os seus dereitos ou ben que a súa licenza, como está dicindo Joaquín, tomaremos a decisión que proceda, é o lóxico xa que o temos enriba da mesa, que se aproba inicialmente, haberá exposición pública e despois xa e presentaran as alegacións.

Sr. Núñez Troncoso: As licenzas que eu saiba as concede a Xunta de Goberno e haberá o preceptivo informe como hai agora ou como había antes e se rectificou, cal é o problema? Ou é que a Xunta de Goberno non aproban a licenza previo os informes urbanísticos pertinentes? O problema e o que pode vir, estou intentando previr un problema e vostede vai a ser partícipe deste, porque vostede en vez de facilitarlle as cousas aos veciños as está complicando ao iniciar a casa polo tellado. Facilitelle aos 34 veciños afectados abrindo un expediente de investigación, non aprobando inicialmente, abrindo un período de alegacións, publicando algo que a maioría dos veciños non se van a decatar. Insisto, pedimos a retirada do punto.

Sra. Tourón Domínguez: Pola nosa parte, levamos unha lexislatura sendo totalmente coherentes e imos a continuar, non imos a aprobar nada que se faga ás costas dos veciños afectados. O que non se pode é, ben entra unha solicitude, non ir a falar cos veciños afectados, que mínimo que preocuparse por ir a falar coa xente afectada, sobre todo cando se trata de asuntos desta índole, que estamos cambiando un camiño de público a privado, que mínimo en ir a falar con esta xente, mirar que é o que quere a xente que rodea este camiño. O tema da exposición pública se mirou co Plan Xeral, o concepto de participación do Sr. Alcalde o coñeceu cando intentou aprobar o PXOM pero non aprendeu nada.

Sr. Alcalde: Retírase o punto da orde do día.

Sra. Tourón Domínguez: Quero que conste en acta o que acaba de dicir o Sr. Alcalde de que boicoteamos o Plan Xeral por intereses. Pódeme explicar que clase de intereses?

Sr. Rodríguez Davila: Quero solicitarlle a Sra. Secretaria que recolla en acta que efectivamente o Grupo Popular boicoteou, co seu voto en contra, o Plan Xeral polos intereses xerais dos cidadáns, claro que si.

Expediente 1013/2019. Inventario ou Catálogo de Bens. Modificación do trazado do Camiño da Igrexa Vella en Fontán, Parderrubias.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. Alcalde: Froito do proceso do inventario e da aparición de novas probas físicas, neste caso de marcos que estaban soterrados, os propios propietarios localizaron marcos que cando se fixo o traballo de campo non estaban, o que facemos aquí é modificar a aliñación, acordada cos propietarios e definitivamente designar o límite entre o espazo do Cruceiro Pinto e o espazo municipal. Fíxose ademais, despois de comprobar in situ unha investigación, neste caso histórica, e a conclusión do informe do arquitecto técnico municipal, ese camiño antigo primitivo era o camiño da igrexa vella de Parderrubias comprobouse no BOP de 1956 que existía, tal como afirmaban os propietarios e os veciños do lugar, polo tanto a conclusión: “(...) dende o punto de vista técnico non se observa impedimento para modificar dito trazado (...)” e así tamén conseguimos pasar o camiño a onde orixinariamente ía.

A intención deste Goberno Municipal é recuperar ese espazo, tanto dende o punto de vista patrimonial do Cruceiro Pinto como agora que xa temos definido todo o espazo, facer un uso social, cultural ou lúdico para os barrios de Fontán e da Portela, a proposta polo tanto é seguinte:

Considerando que o Inventario de bens inmobles do Concello de Salceda de Caselas, aprobado definitivamente o 22 de xaneiro de 2019, recolle como bens municipais o vieiro denominado “Camiño da Igrexa Vella” e os espazos denominados “Espazos do Pinto” e “Espazo do Cruceiro do Pinto” en Fontán, Parderrubias e que, actualmente, o trazado do Camiño da Igrexa Vella a parte de dividir os dous espazos impide que algunhas das parcelas situadas ao norte do mesmo linden co vieiro municipal. A pretensión desta modificación é a de recuperar o trazado primitivo do ano 1956.

Considerando que o arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso emitiu informe nº 2019-0091 do 12 de abril, no que fai constar que “(...) dende o punto de vista técnico non se observa impedimento para modificar dito trazado e recoller dita modificación no inventario de bens municipais.”

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

O Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación de dito trazado recuperando o trazado primitivo do ano 1956 para dotar de fronte ao vieiro público municipal as parcelas apuntadas e por outra banda xuntar o Espazo do Pinto e o do Cruceiro do Pinto tal e como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no Informe Técnico nº 2019-0091 de 12 de abril, emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

TERCEIRO: Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerárase aprobada definitivamente esta modificación do trazado do Camiño da Igrexa Vella en Fontán, Parderrubias, e remitírase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.

CUARTO: Notificar este acordo aos interesados. “

Sr. Núñez Troncoso: Estamos de acordo coa proposta, sobre todo porque se vai a xuntar o espazo público, elimínase o camiño que vai polo medio e a parte tamén dásele solución co novo vial os propietarios que teñen alí parcelas, polo tanto nada que obxectar ao respecto

Sra. Tourón Domínguez: Por parte do Grupo Socialista tampouco nada que obxectar o noso voto vai ser a favor.

Sr. González Rodríguez: Igualmente a favor, como se indica no informe os requisitos para a unión dos dous espazos e a menor dano é que o camiño debe ir polo trazado que se propón e non como está actualmente trazado.

VOTACIÓN Sometida a votación a proposta do Sr. Alcalde, ésta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación de dito trazado recuperando o trazado primitivo do ano 1956 para dotar de fronte ao vieiro público municipal as parcelas apuntadas e por outra banda xuntar o Espazo do Pinto e o do Cruceiro do Pinto tal e como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no Informe Técnico nº 2019-0091 de 12 de abril, emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

TERCEIRO: Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerárase aprobada definitivamente esta modificación do trazado do Camiño da Igrexa Vella en Fontán, Parderrubias, e remitirase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.

CUARTO: Notificar este acordo aos interesados.

Expediente 422/2019. Planificación e Ordenación de Persoal. Modificación do cadro de persoal para creación de praza de tesoureiro/a habilitado/a.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 6, En contra: 7,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde da lectura a proposta de Alcaldía, que literalmente dí:

“Tramitado o expediente relativo á modificación do cadro de persoal, para proceder á creación dunha praza de tesourería reservada a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, iniciado mediante providencia de alcaldía de 14.02.2019 á vista do escrito remitido polo Colexio territorial de secretarios, interventores e tesoureiros de Administración Local de Pontevedra (Rex. Nº 2018-E-RC-5237 de 01.20.2018) polo que se comunica ao concello de Salceda de Caselas a obriga de contar cun posto de tesourería reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, en virtude do disposto no Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico de os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional; advertindo que non facelo supón unha clara contravención da normativa exposta.

Visto que efectivamente, segundo o artigo 14 (apartados 1 e 2) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, todas as corporacións locais de clase segunda, como é o caso do concello de Salceda de Caselas, están obrigadas a ter un posto de traballo de Tesourería reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional da subescala de Intervención-Tesourería, obriga que o Concello de Salceda de Caselas non ten cumprida a data de hoxe.

Visto o informe emitido pola Concelleira de Persoal de 21.03.2019.

Visto o informe de Secretaría núm. 2019-006 de 25.03.2019 e de Intervención núm. 2019-0053 de 04.04.2019.

Visto o disposto na disposición transitoria sexta do citado Real decreto 128/2018, do 16 de marzo en relación ao procedemento a seguir para a creación do posto de traballo de Tesourería reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional

Sendo necesario para dar cumprimento á sinalada obriga, proceder a modificación do cadro de persoal municipal actualmente en vigor, de conformidade co disposto no artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do cadro persoal municipal que ten por obxecto a creación da seguinte praza:

<i>Denominación:</i>	<i>Tesourería FHN</i>
<i>Núm. de prazas:</i>	<i>1</i>
<i>Situación:</i>	<i>Vacante</i>
<i>Escala</i>	<i>Habilitación nacional</i>
<i>Subescala</i>	<i>Intervención-Tesourería</i>
<i>Categoría</i>	<i>Entrada</i>
<i>Grupo/Subgrupo</i>	<i>A1</i>
<i>Nivel</i>	<i>28</i>
<i>Soldo</i>	<i>1.177,08</i>
<i>CD</i>	<i>883,46</i>
<i>C. Específico mensual</i>	<i>1.675,77</i>
<i>Forma de provisión</i>	<i>Concurso</i>

SEGUNDO. Someter o presente acordo a información pública por prazo de quince días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante ese prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións e reclamacións que estimen pertinentes. Transcorrido devandito prazo, se non se presentaron alegacións, entenderase elevado a definitivo este acordo de aprobación inicial.

TERCEIRO. Aprobada definitivamente esta modificación do cadro de persoal publicar a mesma no Boletín Oficial da Provincia e comunicalo á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma respectiva dentro do prazo de trinta días desde a súa aprobación.

CUARTO. Solicitar á Dirección Xeral de Administración Local a creación e clasificación do posto de traballo de Tesourería, como posto reservado a funcionarios de

Administración Local con habilitación de carácter nacional pertencentes á Subescala de Intervención-Tesourería coas funcións que para devandito posto contempla a lexislación que resulta de aplicación contemplada no artigo 92.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.”

Sr. Alcalde: Dado que entre os trece corporativos hai unha persoa, o Concelleiro do PP, Joaquín, que ten unha relación de parentesco, neste caso é irmán, da persoa que actualmente ocupa o posto de Tesoureiro, quero previr que o acordo pode ser flagrantemente ilegal, nulo de pleno dereito si se dera o caso de que se o seu voto fora decisivo. Joaquín ten un interese lexítimo porque o seu voto determinará nese caso un acordo inválido. Estase a contravir, en todo caso, a cobertura regrada da praza, o funcionario ten que ser habilitado nacional como así o di a lei e os informe de Secretaría e Intervención, polo tanto, se o seu voto de ser decisivo no resultado en realidade vai ser un obstáculo para garantir que o seu irmán siga na praza de tesoureiro.

Esta advertencia xa adiantei na Comisión informativa polo tanto Joaquín é coñecedor desa cuestión, polo tanto debe absterse de participar neste punto como parte interesada. Solicitei informe de Secretaria que está no expediente, polo tanto advirto a Joaquín que ten que absterse de participar xa na deliberación primeira e polo tanto que se ausente neste punto da sala. Pídlle por segunda vez que se ausente da sala.

Solicítolle por terceira vez que se ausente da sala.

Sr. Núñez Troncoso: Lle pido ao Sr. Alcalde que fale a Secretaria respecto do informe a ver si hai motivo de abstención ou non.

Sra. Tourón Domínguez: Eu quería para decatarme do que se esta falando, que polo menos o informe que nos chegou as sete menos dez da tarde, que se nos pase en papel, para que o poidamos mirar e poidamos participar, porque o de que pediu un informe está moi ben, de que o mandou e que está no expediente está moi ben pero non que me chegue as sete da tarde xusto antes do pleno.

Sr. Alcalde: A Sra. Secretaria lerá o seu informe.

A Sra Secretaria da lectura ao informe núm. 2019-0010, que literalmente di:

“INFORME DE SECRETARÍA

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 14 de febreiro de 2019 e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. O artigo 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, establece que nas corporacións locais cuxa secretaría estea clasificada en segunda clase existirá un posto de tesourería reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional da subescala de intervención-tesourería.

Son de clase segunda (artigo 8 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo) as secretarías de Concello de municipios cuxa poboación está comprendida entre 5.001 e 20.000 habitantes, como é o caso do Concello de Salceda de Caselas.

Segundo o exposto, a creación e clasificación do posto de traballo de Tesourería, como posto reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ten carácter obrigatorio na medida en que resulta establecido por unha disposición legal.

A este respecto debe terse en conta o sinalado no artigo 126.2 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, os cadros de persoal poderán ser ampliados no seguinte suposto:

“b) Sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que resulten impostos por disposicións legais.”

De acordo co apartado terceiro dese mesmo artigo, a modificación dos cadros de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 22.2.i) e 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— O artigo 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

— Artigo 10 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/ as con habilitación de carácter estatal

— Os artigos 126 e seguintes do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

- O artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

TERCEIRO. Antecedentes.-

- Escrito do Colexio territorial de secretarios, interventores e tesoureiros de Administración Local de Pontevedra (Rex. Nº [2018-E-RC-5237](#) de 01.20.2018).
- Providencia de Alcaldía de inicio de expediente data 14 de febreiro de 2019.
- Informe da concelleira de Persoal de 21.03.2019 polo que se motiva a necesidade de creación do posto de tesourería reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

CUARTO. Creación do posto de tesourería.

O artigo 10 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/ as con habilitación de carácter estatal establece os trámites necesarios para a creación de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal comportan a súa clasificación, que se iniciará por instancia da entidade local interesada e deberán conter, cando menos:

- a) Unha memoria xurídica e económica xustificativa da clasificación.
- b) Certificación acreditativa dos recursos de que dispón a entidade local segundo o último orzamento aprobado.
- c) Certificación da última cifra do padrón municipal.
- d) Certificacións de secretaría dos acordos adoptados pola corporación relativos á relación de postos de traballo ou cadro de persoal correspondente, ou, de ser o caso, a modificación deles, e certificación do resultado do sometemento da dita relación a información pública.

CUARTO. Modificación do cadro de persoal

O artigo 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

Se con posterioridade á aprobación do orzamento, que comprenderá como Anexo o cadro de persoal, fóra necesaria a modificación de devandito cadro, o procedemento para a aprobación do novo cadro de Persoal será o mesmo que para a aprobación do orzamento. Se esta nova aprobación do cadro de Persoal afectase os créditos

consignados, deberá modificarse conxuntamente o orzamento, en caso contrario, non será necesario.

O procedemento para levar a cabo a modificación do cadro de persoal é o seguinte:

A. *Motivada a necesidade da creación e clasificación do posto de tesourería reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, a aprobación do cadro de persoal municipal deberá ser previamente informada por Intervención, acreditando a existencia de consignación orzamentaria suficiente para autorizar o gasto que implica a modificación do cadro de persoal e cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

B. *Aprobado inicialmente polo Pleno, exporase ao público, previo anuncio en o Boletín Oficial da Provincia por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.*

A aprobación considerárase definitiva se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

C. *Á vista das alegacións presentadas e informadas estas, no seu caso, o Pleno da Corporación aprobará definitivamente o cadro de persoal, de acordo co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

D. *O acordo de modificación do cadro de persoal publicarase no Boletín Oficial da Provincia e ademais, de conformidade co artigo 129.3 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, o acordo comunicárase á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma respectiva dentro do prazo de trinta días desde a súa aprobación.*

E. *Así mesmo, aprobado o cadro de persoal, solicitarase á Dirección Xeral de Administración Local a creación e clasificación do posto de traballo de Tesourería, como posto reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional pertencentes á Subescala de Intervención-Tesourería coas funcións que para devandito posto contempla a lexislación que resulta de aplicación contemplada no artigo 92.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, acompañada tal solicitude da documentación indicada no apartado terceiro do presente informe.*

A eficacia da modificación operada no cadro de persoal da Corporación queda condicionada ao acto formal de clasificación que ha de emanar da Comunidade Autónoma, e á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co artigo 92.bis, apartado 4.º, da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 3 do Decreto

49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/ as con habilitación de carácter estatal.”

Sr. Alcalde: Solicítolle por cuarta vez que abandone o salón de Pleno.

Sr. Núñez Troncoso: Pídlle a Secretaria que diga claramente si pode votar neste puntos ou non, se hai motivos legais para poder votar este puntos si ou no.

Sr. Alcalde: Facemos un receso e o aclaramos.

Sr. Núñez Troncoso: Pide que interveña a Sra. Secretaria.

Sr. Touron Domínguez: Quixera saber para que é o receso, se podemos participar os voceiros, pois houbo un receso noutro pleno que para o que serviu foi para que os empresarios presionaran a este Grupo.

Sr. Alcalde: O receso é, pois que hai unha persoa que se lle está a pedir que se ausente do Pleno e non o esta facer.

Sr. Núñez Troncoso: Hai unha secretaria, lle pido que se pronuncie, ela é quen vela pola legalidade do Pleno e non o Alcalde..

Sra. Touron Domínguez: O partido Socialista non se vai a unir a “esta caza de bruxas”.

Receso das 21:21 ata as 21:24 horas.

Sr. Alcalde: Continuamos co pleno, vai ler a secretaria unha consulta complementaria ao seu informe.

Sra. Secretaria a petición do Alcalde, da lectura ao informe emitido por Carlos Abal Lourido en data 29.04.2019, o cal da lectura a Sra. Secretaria e literalmente dí:

“ASUNTO: CONSULTA SOBRE O DEBER DE ABSTENCIÓN NA ADOPCIÓN DE ACORDO DE CREACIÓN DA PRAZA DE TESOUREIRO RESERVADA A FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN NACIONAL

Consúltase pola Sra Concelleira de Interior, Dona Dolores Castiñeira Alén verbo do deber de abstención do Concelleiro adscrito ao grupo municipal do Partido Popular de Galicia, Don Joaquín Núñez Troncoso, no tratamento, debate e votación na sesión plenaria na que se trate o asunto relativo á creación dunha praza de Tesoureiro a ocupar por persoal con habilitación de carácter nacional, e o conflito de interés que iso pode supor coa súa actuación como concelleiro polo parentesco que mantén co

funcionario que ven ocupando o posto de Tesoureiro, o seu irmán, Don José Manuel Núñez Troncoso.

En relación con esta cuestión emítense o seguinte INFORME:

O art 76 da Lei 7/85 de Bases do Rexime Local establece que: “Sin perjuicio de las causas de incompatibilidad establecidas por la Ley, los miembros de las Corporaciones Locales deberán abstenerse de participar en la deliberación, votación, decisión y ejecución de todo asunto, cuando concurra alguna de las causas a que se refiere la legislación de procedimiento administrativo y contratos de las Administraciones Públicas. La actuación de los miembros en que concurran tales motivos implicará, cuando hay sido determinante, la invalidez de los actos en que hayan intervenido”.

Pola súa parte, o art 21 do ROF, aprobado por RD 2568/2016, establece que: “En los supuestos en que, de conformidad con lo dispuesto en el art 76 de la Ley 7/1985, algún miembro de la Corporación deba abstenerse de participar en la deliberación y votación, deberá abandonar el salón mientras se discute y vote el asunto, salvo cuando se trate de debatir su actuación como corporativo, en que tendrá derecho a permanecer y defenderse”.

Os supostos nos que procede o deber de abstención so os regulados no art 23 da Lei 40/2015 de Rexime Xurídico do Sector Público, que establece que “1.- As autoridades e persoal ao servizo das Administracións nos que se dean alguna das circunstancias sinaladas no apartado seguinte, abstendranse de intervir no procedemento e o comunicarán ao seu superior inmediato, quen resolverá o procedente; 2.- Son motivos de abstención os seguintes: (...) b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados ...”.

Engade dita norma que a actuación de autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas nos que concurran motivos de abstención non implicará, necesariamente, e en todo caso, a invalidez dos actos nos que teñan intervido e que o incumprimento do deber de abstención nos casos nos que concurra algunha das circunstancias sinaladas na norma, dará lugar á responsabilidade que proceda.

Polo tanto, na sesión plenaria na que se trate a da creación de praza de Tesoureiro reservada a funcionarios con habilitación nacional, o Concelleiro Sr Núñez Troncoso, polo conflito de interés que pode existir entre a súa actuación como concelleiro e o vínculo de parentesco que ostenta coa persoa que ocupa o posto de tesoureiro, debe absterse de intervir, debendo abandonar o salón de plenos inmediatamente antes de tratar ese punto da orde do día, e podendo reincorporarse unha vez finalizado o seu tratamento.

Debe sinalarse que para que proceda o deber de abstención non é preciso demostrar que efectivamente exista un interés personal do Concelleiro por tratarse dun asunto

que afecte ao seu irmán, nen sequera que a adopción do acordó de que se trate produza unha afección negativa na esfera xurídica deste último, senon que resulta dabondo con que exista esta posibilidade para que o deber de abstención do concelleiro entre en xoqo con todas as consecuencias.

E isto sen que se poda tomar en consideración a trascendencia que teña o voto para a adopción do acordo, criterio que só serve para determinar a posible nulidade do acto administrativo, unha vez producido, non para determinar o deber de abstención, que en todo caso é previo.

Este é o criterio que manexa a xurisprudencia, podendo citarse entre outras a Sentenza do TSX de Andalucía de 1 de xullo de 2002 (Rec 3725/96): “La abstención y en su caso la recusación en éste caso no está determinada por el contenido más o menos beneficioso del acuerdo impugnado (...) sino por la existencia o no de causa legal de abstención, con independencia de que exista o no ningún beneficio especial, y precisamente por ello el deber de abstención, de existir, es previo a la adopción del acuerdo y con independencia de cual sea su sentido”.

Polo tanto, e en resumo, o mero feito de que PODA existir conflito de interese entre a actuación do concelleiro, como tal, e as implicacións persoáis que podan derivarse para o seu irmán, determina necesariamente que se deba de abster, con independencia de que efectivamente exista ou non tales implicacións, ou que o voto sexa ou non trascendente para a adopción do acordó nun senso ou noutro.

Caso de non abandonar voluntariamente o salón de plenos, o Alcalde poderá adoptar as medidas que procedan para facer efectivo dito abandono incluído, de ser o caso, o auxilio da Policía Local se ben, e na medida en que o incumprimento do deber de abstención non implica a nulidade do acto, nese caso poderá sen máis non computarse o seu voto para a adopción do acordo.”

Sr. Núñez Troncoso: Quen firma o informe.

Sra Secretaria: Carlos Abal Lourido.

Sr. Núñez Troncoso: Ou sexa o Alcalde pretende que prevaleza un informe externo dun señor autor dun escrito, intentando coaccionar o voto deste Grupo, e quere darlle prevalencia sobre o informe da Secretaria Municipal habilitada nacional.

Sr. Aldalde: Solicítalle por quinta vez que se absteña de participar.

Sra. Castiñeira Alén: Comezou este expediente coa chegada do escrito do Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local (COSITAL) con entrada de rexistro 1/10/2018, este escrito achéganos o acordo adoptado na súa

sesión de goberno, e di entre outras cousas que existe a obriga de contar con postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación nacional nos Concellos clasificados de clase primeira ou segunda, recentemente entrou en vigor o Real Decreto 128/2018, xa mencionado pola Secretaria, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que da un paso máis incidindo na necesidade de dar cumprimento a esta obriga.

Como sabedes o Concello de Salceda é un Concello clasificado en clase segunda e temos a obriga de crear esta praza; neste expediente, xa o leu antes a Secretaria, consta un informe da Concelleira de persoal do 21 de marzo e onde fago referencia a que o 15 de xullo de 2016 en sesión da Xunta de Goberno Local, quedou aprobado o cadro de persoal das prazas reservadas a funcionarios, persoal laboral, persoal eventual deste Concello, en atención as circunstancias expostas no informe procedemos á modificación do cadro de persoal para dar cumprimento a este Real Decreto. O informe de Secretaria fala da creación do posto de traballo de tesourería posto reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación e fala tamén do procedemento, ademais temos o informe de Intervención favorable ou de conformidade, como queirades chamarlle, que fala do carácter obrigatorio desta praza, da existencia de crédito para a creación desta praza, da estabilidade orzamentaria e o superávit que é de 363.106,73 €. Da lectura a parte do informe de Intervención núm. 2019-0053 que literalmente di:

“1.Existencia de crédito

Na estrutura do cadro de persoal do Concello de Salceda de Caselas non existe a data actual consignación específica para a cobertura financeira de este posto de traballo, polo que deberá, ou ben incluírse no seguinte orzamento que se aprobe, ou ben proceder á realización de unha modificación de créditos a efectos de dar cobertura ao presente posto. A estes efectos compre ter en conta que na liquidación do orzamento para 2018, aprobada mediante Decreto 323/2019, resultou un remanente de crédito no Capítulo I, Gastos de Persoal, de 120.281,90 euros. Por outra banda, o incremento no Capítulo 1 que supón o novo posto de traballo respecto dos créditos iniciais consignados no orzamento (1.435.689,66 euros), acada o 1,75%. De acordo cos datos anteriores, parece que o Concello de Salceda de Caselas dispón de capacidade financeira para asumir a creación do posto de que se trata no presente informe.

2.Estabilidade orzamentaria

De acordo coa liquidación do orzamento para 2018, aprobada mediante Decreto 323/2019, o resultado do cálculo de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade de financiamento ofrece un superávit de 363.106,73 euros. Por tanto, dada a entidade do incremento de gasto proposto, parece que este incremento non comprometería o cumprimento do obxectivo de

estabilidade orzamentaria, en termos de homoxeneidade respecto do exercicio tomado como base.

CONCLUSIÓNS

Polos motivos expostos, fiscalízase de conformidade o expediente, coas observacións sinaladas no presente.”

Os motivos e as necesidades para traer a este pleno a modificación do cadro de persoal para a creación da praza de Tesoureiro/a habilitado/a son varios motivos, o primeiro é o cumprimento da lei, o segundo o escrito de COSITAL onde nos recorda a obrigatoriedade que sabemos que temos que cumprir, terceiro un motivo de reorganización e asignación de novas tarefas ao departamento de tesourería, un departamento que como sabedes nos últimos meses acumula baixa dunha traballadora e que ten sobrecarga de traballo manifestada en diferentes ocasións polo actual Tesoureiro a esta Concelleira, e que ademais figura por escrito en sendas notificacións metidas por rexistro que el mesmo rexistrou e que vou dar lectura. Cónstame que tamén o fixo de maneira persoal ao Concelleiro anterior, José Luis, e tamén á Concelleira actual, a min. Leo os escritos onde fala desta situación de tesourería, o primeiro presentado o 11/01/2019 (Rex. 2019-E-RC-149) que literalmente di:

“JOSE MANUEL NUÑEZ TRONCOSO, Con DNI 360770800, Administrativo-Tesoreiro deste Concello presenta o seguinte escrito para QUE CONSTE:

Que dende hai anos o departamento de tesourería do Concello de Salceda de Caselas, está a cargo de dúas persoas: Unha auxiliar administrativa e o que presenta este escrito.

Que ano a ano a carga de traballo deste departamento vai aumentando, e mais, especialmente, este ano, co cambio do programa de contabilidade, o que fai que en determinados momentos custe estar o día nos asuntos que corresponden ó departamento de tesourería.

Que dende mediados de Abril do ano pasado a Auxiliar Administrativa causou baixa por enfermidade ata o 30 de Agosto.

Que despois de disfrutar do seu período correspondente de vacacións, volveu a causar baixa Oo día 26 de Novembro, e a día de hoxe continúa en tal situación.

Que durante todo este tempo, en Tesourería, só estiven eu a realizar as tarefas correspondentes,

Que isto conleva que exista un considerable retraso na contabilización dos ingresos e

gastos, xa que ó meu traballo, teño que engadir o que realizaba a Auxiliar Administrativa.

Que por tal motivo neste intre, atópome que están sin contabilizar todos os ingresos correspondentes os meses de Novembro, Decembro, e o que vai do presente ano, así como pagos realizados no exercicio anterior que por mor do cambio de programa de contabilidade están pendentes de contabilizar. Tamén non se está levando ó día, o control da recadación en voluntaria de licencias de obras, urbanísticas, concesións de postos no mercado de abastos... traballos éstos que eran compaxinados entre a Auxiliar Administrativa mais eu.

Que dito problema xa foi posto en coñecemento do anterior Concelleiro de Facenda, así como xa se lle mencionou a actual Concelleira de Facenda

Que a data de hoxe, teño pendentes de disfrutar 6 días (vacacións e asuntos propios), correspondentes ó pasado ano, e, que se teñen que disfrutar antes do 31 de Xaneiro, senon perderíaaos.

Que me atopo, con que, seguindo solo na oficina, neste mes é obrigado realizar os pagos a Axencia Tributaria dos modelos 110, 115, 303 (IRPF e IVE), así como a presentación dos resumens anuais (modelos 190 e 390).

Tamén neste mes se emiten ficheiros (mensuais) do SAF e Teleasistencia, así como de Taxas da Praza de Abastos (seguindo a notificación enviada ós usuarios da mesma). E, por último pago de nóminas e Seguros Sociais.

Que na data de onte lle comentei a Concelleira de Facenda esta problemática, expóndolle a posibilidade de disfrutar dos 6 días que teño pendientes nos meses de Febreiro ou Marzo, para poder levar a cabo os traballos inexcusables neste mes de Xaneiro.

Que a súa resposta, foi, que non, que non se podía prorrogar o disfrute de ditos días, polo que solicitara os mesmos para este mes de Xaneiro. Que en vista do anterior, presento solicitude dos mesmos, e de forma, que o disfrute de ditos días, dañen na menor medida posible o bo funcionamento deste departamento, coa salvedade no indicado no anterior, ante a baixa da compañeira de oficina.”

Sra. Castiñeira Alen: Da lectura ao escrito de data 19/02/2019 (Rex. 2019-E-RC-698) que literalmente di:

“JOSE MANUEL NUÑEZ TRONCOSO, Con DNI 360770800, -Tesoreiro deste Concello presenta o seguinte escrito para QUE CONSTE:

Que me ratifico e insisto en parte do escrito presentado en data 11/01/2019 con nº

entrada 149 no referente a problemática deste departamento de Tesourería por mor da baixa laboral prolongada da Auxiliar Administrativa que realizaba as súas tarefas nesta oficina.”

Sra. Castiñeira Alen: Ademais desa organización hai un cuarto motivo que é a apertura nos vindeiros días dun expediente disciplinario ao actual tesoureiro. Todo elo creo que son motivos mais que suficientes, por si non chegaba o sinxelo cumprimento da Lei, para traer este punto na orde do día. Quería que conste en acta o comentario da voceira do PSdG-PSOE que chamou “caza de bruxas” a un procedemento regulado, necesario por lei e obrigatorio.

Sra. Touron Domínguez: Confirmo “caza de bruxas” porque o acaba de confirmar a Concelleira con todo o que leu.

Sr. Rodríguez Davila: Eu lle sumaria ao titular, persecución persoal, desprestixio ao traballo, acoso laboral, etc... todos temos hemeroteca de actuacións non acertadas polo Alcalde pero nunca se pensou que se chegara ao que se chegou hoxe, é dunha infamia a actuación política é dunha ruindade e dunha maldade, o que vostedes pretenden facer hoxe aquí. Con todos os procedementos habidos e por haber, incluso saltándose e obviando os que legalmente amparan a este pleno e aos corporativos que o formamos, con informes, non xa novidosos xa estamos acostumados en temas tan importantes, que en función do interese traemos informes a medida, pagados por certo por todos nós, para “amparar a decisión do goberno”. A verdade é que intentaron por activa e por pasiva con informe e contra informe e incluso querían facer un receso para coaccionar non sei a quen, a nós non. O que é moi triste respecto da facilidade da transparencia que vostede lle da aos concelleiros, eu neste caso falo por este Grupo, é certo que o outro grupo o esta sufrindo neste mandato e nos levalo sufrindo dende o ano 2007, a opacidade a hora de acceder a documentación, non só a documentación non moi importante, se non en documentación en asuntos tan cruciais coma o Plan xeral, ou outras decisión e hoxe xa o “que colma o vaso”, se nos fai chegar por correo electrónico as sete da tarde e se nos informe que temos no correo un informe da Sra. Secretaria.

Que pena que o goberno daquel entón que vostede presidía non fixese o mesmo cando nun pleno no que eu estaba presente e tamén estaba presente o meu compañeiro Joaquín decidiu a Corporación por unanimidade abrir expediente a esta mesma persoa por un suposto cobro indebido no seu salario, aí vostede non pediu informes nin pediu a retirada do compañeiro Joaquín do Pleno, para iso non fixo falta, votamos todos a favor, por suposto porque había un mandato do Tribunal de Contas que por certo ese Tribunal de Contas tamén pedían abrir expediente ao Concelleiros que naquel entón estaban a cobrar retribución, non de todo claros, pero a esas persoas non llo abrimos, abrímoslo só a estas dúas persoas, nos votamos a favor e o Concelleiro Joaquín votou a favor e hoxe como quedou de manifesto pola Secretaria e tamén outras consultas que nos fixemos con persoas solventes de administracións

locais do entorno, que di claramente que non está incapacitado o compañeiro para votar, porque o que estamos a facendo é crear un praza, non estamos designando directamente a esa persoa.

Tamén me dirixo aos Concelleiros que van deixar o seu posto no vindeiro mandato, se esta é a maneira en que pretenden terminar dignamente o seu mandato, porque nos imos a atopar na rúa e o van a topar na rúa ao Alcalde e aos Concelleiros. Se estivemos noutro suposto, que non fose o ultimo pleno do mandato, efectivamente hai que crear esa praza, pero antes hai que crear a relación de postos de traballo, e a partir de aí facer un convenio colectivo, a cumprir a lei, cumprir os dereitos, e os dos demais? Os seus si, os dos demais no. Nós volvemos a dicir, non é darlle todo o que piden os traballadores, por suposto que no, e espero e desexo que sexamos nós os que diremos o goberno a partir de xuño e vai a ser un claro proceso negociador, por suposto onde van a participar todos os corporativos que formemos parte da corporación e por suposto que non imos a aceptar todo o que están pedindo hai que negociar, pero de aí a ningunear, a perseguir, a intentar por todos os medios no último pleno ordinario deste mandato pretender facer o que vostedes pretenden facer hoxe aquí, é moi triste e moi lamentable, non so como políticos, como representantes de todos os veciños de Salceda, se non como veciños que somos é moi triste.

Que pena que esta presa non teñan a ben aplicala vostede en cuestións que lle afecta precisamente aos traballadores, para facer maldade si, pero para ver ou para defender o interese social tanto do Concello como dos propios traballadores iso non. Por iso vostede se negou a ir a unha reunión a onde se nos convocou a negociar, porque vostede dicía o que di ese escrito que traslada o que vostede lle trasladou a parte empregada, vostede como empregador dicía que claro, como estamos a un mes das eleccións, entón que non procedía ir a esa negociación porque será o novo Goberno, a nova Corporación quen negocie ese convenio ou esa relación de postos de traballo. Polo tanto vostede víase incapacitado, por dicilo dalgunha maneira non me entenda mal, para ir a esa convocatoria porque como estamos a porta das eleccións pois imos a deixarlle ese traballo para a nova Corporación, nos parece moi ben en aras de que efectivamente sexa a nova Corporación, pero claro vostede non deixa que a nova Corporación aprobe a relación de postos de traballo, o convenio e despois saque as prazas, quere ser vostede, quere “morrer matando” e trae a este pleno un linchamento cara a un traballador, un funcionario, para que quede na historia que foi vostede quen intentou regular un praza por lei, pero non intentou regular os dereitos da a maioría ou mellor dito, de todos os traballadores, iso non o intentou, solo a maldade e ruindade cara a certas persoas. Por suposto que imos a votar en contra e por suposto que imos a ser capaces no próximo mandato de traballar para que teñan os traballadores a relación de postos de traballo, para que teñan convenio colectivo e despois poder ir sacando pouco a pouco as prazas que necesita este Concello.

Sra. Tourón Domínguez: Voulle pedir ao compañeiro do PP que espere a despois das eleccións para mirar quen vai gobernar, so queda un mes. En relación co tema que se trata, eu voulle ler un párrafo, porque o Sr. Alcalde dixo antes que os escritos que entran hai que darlles saída e hai que traelos o pleno, pena que hai escritos que non pasan por iso de traelos ao Pleno. Vou facer miñas, vou ler un párrafo do texto que achegan os catro sindicatos que teñen representación neste concello:

“Ademais consideramos unha tomadura de pelo que un expediente iniciado no colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local de Pontevedra o día 25 de setembro de 2018 se nos comunique agora polo que esta parte manifesta a súa expresa desconformidade co inicio de dito procedemento polo momento que nos atopamos a un mes das eleccións municipais e non é lexítimo a un mes vista de dito proceso iniciar unha modificación do cadro de persoal que deberá ser comandado exclusivamente polo próximo goberno municipal na súa calidade de parte empregadora, tal e como se lle contestou por parte deste Goberno Municipal á Presidenta do Consello Gallego de Relacións Laborais “

Esa foi a contestación que o Sr. Alcalde lle deu ás peticións de mediación no Consello Galego de Relacións Laborais, que a un mes non se podía tratar ese tipo de tema, creo que un ten que ser coherente e facer súas as súas palabras, o convido a que o faga e diga que este tema non se pode tratar a un mes das eleccións municipais. En canto aos catro puntos das necesidades que di a Concelleira de Réxime Interior, etc... primeiro cumprimento da lei, a verdade é que ata que chegou o escrito o 25 de setembro iso importoulle pouco e despois dende o 25 de setembro ata o 29 de abril que estamos celebrando este pleno importoulle pouco, é importante agora a un mes das eleccións non vai ser que despois non esteamos, e non sexamos capaces de atar cabos, etc... terceiro, reordenación, a un mes da das eleccións acordoulle que o Concello funciona mal e teñen que reordenalo por si acaso e o cuarto, apertura de expediente disciplinario, o que acabo de escoitar hoxe aquí me parece totalmente vergonzoso, e máis, me atrevería a dicir que se vulneran datos persoais do que se acaba de dicir neste pleno, a min interesoume moitísimo as vacacións de xaneiro e todo iso, paréceme vergonzoso o espectáculo. Felicitar a José o tesoureiro porque aínda así a Concelleira saíu dicindo que había remanente, así que felicidades teu traballo.

En canto a si se debe ausentarse ou no o compañeiro do partido popular, non vou entrar, eu cando considere que me tiña que ausentarme o fixen, creo que non o ten que mandar ninguén, se nos os Concelleiros como adultos non sabemos cando temos ou non que ausentarnos dun pleno e que nos teña que mandar o Alcalde, pouco máis que mandar a Policía Local, cada un decide persoalmente o que ten que dicir e creo que quedou claro nos informes da Secretaría do Concello cal é a postura. Dos outros informes que pagamos todos so lle fago caso porque os pagamos todos. Por ultimo, a verdade Sr. Alcalde acaba de coroarse, so lle faltaba mandar a Policía Local e saír na prensa o día de mañá coa foto do último pleno desta lexislatura, de

verdade que pensei que non se ia chegar a tanto, para min este é o colofón dunha gran lexislatura, acabar así o di todo o que pasaron durante este catro anos todo o mundo.

Sra. Castiñeira Alén: Nas diferentes mesas de negociación e sendos escritos falouse cos representantes sindicais da nosa intención de negociar a RPT se somos o vindeiro Goberno. Sei que Santi do PP fai tempo que se erixiu representante dos traballadores, non en vano leva dous traballadores nas súas listas.

Sr. Alcalde: O único que intentamos facer hoxe aquí é cumprir a Lei, concretamente o Real Decreto 128/2018. Confundides Lei con dereitos ,do que se trata aquí, como ben determina o Real Decreto que acabo de citar e que está no informe de Secretaria e de Intervención, hai que cumprir a lei, outra cousas son os dereitos que hai que negociar a través dun relación de postos de traballo, polo tanto o que se propón aquí é que cumpramos a lei, e esa Lei foi do 16 de marzo de 2018, os dereitos regulados terán que negociarse. Cando se falaba dunha devolución de cobros indebidos, dise que non había informes, había un informe “lapidario” do Secretario Municipal, había un informe do Consello Consultivo de Galicia, que por certo que xa ben se dixo aquí informe que desapareceu o 4 de agosto de aquel ano, misteriosamente e nunca máis se soubo dese expediente e houbo que pedir unha copia, tamén había un informe da fiscalía do Tribunal de Contas que basicamente foia por min por responsabilidade contable, porque basicamente ou os afectados devolvían o diñeiro, e así o estiveron facendo e o seguen facendo, ou se non tiña que poñelo eu do meu bolsillo, é a responsabilidade contable que temos os cargos públicos.

En canto ao tema de que Joaquín votara a favor ou non, era irrelevante porque o seu voto non foi decisivo para a toma daquela decisión, xa o expliquei no primeiro momento e está nos informes, a clave e que non foi decisivo, neste momento mentres non se someta a votación tampouco sabemos se é decisivo ou non, ou se vai ser decisivo ou non, por esa razón o que fixen foi prever esta cuestión e solicitarlle neste caso ao compañeiro Joaquín que se ausentara, pero ata este momento, con contra da fábula que dixo Verónica, non había razón para que o compañeiro que non se ausentou nas cinco ocasións que lle solicitei, ata neste momento non hai razón para que estea aí, ademais non está intervindo no tema, será en ultima instancia se o seu voto resulta decisivo para non aprobar este punto e polo tanto para non cumprir a lei, que e o que basicamente di o informe de Secretaria e o de Intervención sobre esta cuestión. O único que intentamos facer é cumprir a lei.

Sr. Rodríguez Davila: Sr. Alcalde nos queremos que vostede cumpra a Lei pero non hoxe se non sempre. O que pretende este Goberno é meterlle un cargo económico as arcas municipais con respecto a situación actual e con respecto o que contemplaba a relación de postos de traballo. Por certo gastamos 30.000 € e dúas RPT feitas por dúas empresas diferentes que non se aprobaron, nin o intentaron, e resulta que eses 30.000€ gastados sen ningún proveito a día de hoxe contemplaba esa praza entre

outras, cunha categoría de nivel 24 e vostedes pretenden elevar ao nivel 28, en que se amparan para elevar ao nivel 28 cando a empresa que redactou a relación de postos de traballo a situou no nivel 24? Iso que é unha decisión da Concelleira, do Alcalde? Non quero sen mal pensado, non haberá ninguén na porta esperando. O máis triste de todo é que iso vai supoñer, si fose o caso de que se aprobase esa plaza como vostedes pretenden aprobala, un incremento do coste económico para as arcas municipais de mais de de 20.000 € anualmente, cando a empresa especializada en facer relacións de postos de traballo para a administración pública contemplaba unha contía anual, coste total dese posto de Tesoureiro Habilitado Nacional por importe de 48.379 €, 50.000€ en números redondos, e vostedes o pretenden elevar a 70.000 €, non pasa nada por 20.000 euros total si pagamos 30.000 por 25m2 que máis da pagar 20.000 euros anualmente por un posto de traballo que unha empresa especializada contemplaba un custe de 50.000€ e vostedes pretenden elevada a 70.000 €, a razón de que? en que se basean? Que criterios? os mesmos criterios que se basean en repartir e darlle traballo en obras como están facendo nos últimos anos? Ou para darlle traballo a quen fai os libros nos últimos doce anos? Ese o o criterio? por vostedes din que si gastamos 20.000 euros, aí non lle facemos caso aos técnicos para outras cousas si para iso non. Polo tanto só por ese motivo, solo polo incremento de 20.000 euros anuais que é o que pretenden endosarlle ás arcas municipais, so por ese motivo votariamos e votamos que non, pero é que hai moitos máis de mais peso, o que leu a compañeira respecto do que dicían os sindicatos, e outros máis lle lin eu na Comisión Informativa, porque son clarísimos non o dicimos nós o din os sindicatos, ata o di a CIG, ata a CIG, CCOO e CSIF firman ese manifesto e que cando todos os sindicatos están en desacordo en que se saque esa praza a día de hoxe, non son os sindicatos sospeitosos ao respecto.

O noso voto vai ser en contra, o noso compañeiro Joaquín vai votar en contra porque o amparan os informes e tamén o ampara a ética moral de defender o que vostedes pretenden facer hoxe aquí, que é un ataque persoal cara unha persoa que fai o seu traballo coma os demais o mellor que pode, a súa folla de servizo neste Concello durante moitos anos nunca estivo posta en cuestión, solo con vostedes nos último anos está pasando o que está pasando nunca antes pasara.

Sra. Tourón Domínguez: O Partido Socialista defende os dereitos dos traballadores, os do Concello e os de calquera empresa, suscribo totalmente ao comunicado dos catro sindicatos que están de acordo e que solicitan o mesmo os catro.

Sr. Alcalde: Dixen no primeiro momento do punto que previa que un acordo flagrantemente ilegal nulo de pleno dereito que si o compañeiro Joaquín, si se confirma na votación, ten un intereses lexítimo porque o seu voto determinará o acordo, e polo tanto será un acordo inválido, dixen tamén que se está a contravir a cobertura regrada da praza, é dicir, estase incumprindo a lei se non se acorda o contrario aquí, o funcionario ten que ser un habilitado nacional, sorprende que se diga, que eu saiba o habilitado nacional o nomea o Estado Español, polo tanto non sei

que posibilidades pode ter este goberno de ter alguén para a praza de Tesoureiro, non sei que influencia pode ter eu no Goberno do Estado Español, o Ministerio correspondente é quen nomea o Tesoureiro e a gana por concurso que convoca o Estado Español non o facemos nós, polo tanto se o seu voto resulta decisivo no resultado non é mais que un obstáculo para garantir que o seu irmán siga de tesoureiro, iso foi o que dixen no primeiro momento e polo tanto pasamos a votación.

Polo sr. Alcalde sométese a votación a súa proposta, e o Pleno da Corporación Municipal, por SEIS votos a favor do do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e SETE votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, rexeita a proposta da modificación do cadro de persoal para creación de praza de tesoureiro/a habilitado/a.

Sr. Alcalde: Advirto en todo caso, que os efectos inmediatos da votación é a vulneración da Lei e como xa comentei e como se explicitaron os informes, como Alcalde é evidentemente que non podo executar un acordo que non cumpra a Lei, iso de entrada, a partir de aí cada un é dono do seu voto e tamén é dono de incumprir a Lei que para iso estamos en democracia.

Expediente 925/2019. Dación de conta da prórroga do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

O Pleno municipal queda enterado da prórroga do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

Expediente 306/2019. Dación de conta de Intervención do cuarto trimestre de 2018: execución presupostaria, seguemento do plan de axuste, cuarto trimestre 2017, morosidade, período medio de pago.

O pleno municipal queda enterado da documentación correspondente á dación de conta do cuarto trimestre de 2018 referida á execución presupostaria, seguemento do plan de axuste, cuarto trimestre 2017, morosidade e período medio de pago.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o 2019-0196 de 19 de febreiro ata o 2019-0405 de 23 de abril

O Pleno municipal queda enterado dos decreto dictados dende o 2019-0196 de 19 e febreiro ata o 2019-0405 de 23 de abril.

Moción do grupo municipal do PSdG-PSOE presentada en data 12.04.2019 con número de rexistro 2019-E-RPLN-3, sobre as demandas dos país e nais do CRA Raíña Aragonta.

Dase conta da moción que literalmente di:

*“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Salceda de Caselas desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**, baseada na seguinte*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Salceda de Caselas é un dos que mostra un maior dinamismo demográfico de Galicia. Isto fai que os servizos educativos sexan un dos elementos fundamentais para o desenvolvemento do noso municipio e haxa que presentarlle especial importancia á necesidade de incrementar as infraestruturas e os servizos no eido educativo.

Por ese motivo nais e pais demandan para o CRA Raíña Aragonta un docente de pedagogía terapéutica e un novo comedor.

En relación coa pedagogía terapéutica, actualmente o CRA Raíña Aragonta conta con 267 alumnas e alumnos, dos cales a lo menos 10 eran atendidos polo PT que ata o ano pasado había no centro. Existen outros centros das mesmas características e incluso con menor número de alumnas e alumnos que si contan con un PT como o CRA A Picaraña de Pontearreas, o CRA María Zambrano de O Rosal ou CRA Mestra Clara Torres de Tui.

Por outra banda, existe unha alta demanda do servizo de comedor por parte das familias do centro co cal consideramos que a Xunta debe dotar dunhas instalacións de comedor propias o CRA Raíña Aragonta.

*O Grupo Municipal Socialista presenta esta moción para o seu debate e aprobación polo Pleno do seguinte **ACORDO**:*

Instar á Xunta de Galicia a realizar atender as demandas das nais e pais do CRA Raíña Aragonta dotando o centro, dotando ó centro:

Persoal docente en pedagogía terapéutica.

- *Instalacións de comedor propias.”*

Polo Sr. Alcalde, sendo as 22:19, permítase a intervención dunha representante da ANPA, finalizando a intervención ás 22:21 horas.

Sra. Tourón Domínguez: A nosa moción é un corta e pega das petición que tiña a o CRA Raíña Aragonta, levamos defendendo 4 anos unhas instalación decentes para os nosos nenos teñan a idade que teñan, tes toda a razón pois é moi difícil que haxa unha diagnose entre os 3 e os 6 anos, empezan despois, pero iso non significa que non haxa nenos e nenas con problemas. O que facemos nesta moción e instar á Xunta de Galicia a atender as demandas das nais e pais do CRA Raíña Aragonta dotando ao centro de persoal docente en pedagogía terapéutica, e de instalacións de comedor propias, nos sumamos a petición, sabemos que unha parte é complicada pero como xa ven demostrado o camiño que levamos recorrido ultimamente, hai que pedilo.

Sra. Pérez González: Da conta da presentación dunha moción por parte de Movemento Salceda en data 17.04.2019 con núm. de Rexistro 2019-E-RPLN-4 referida tamén as demandas do CRA Raíña Aragonta, da lectura aos puntos de acordo:

“1.- Solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a incorporación inmediata dun ou unha profesional de pedagogía terapéutica no CRA Raíña Aragonta.

2.- Solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a modificación do catálogo do CRA Raíña Aragonta para que se recolla a incorporación de cando menos un ou unha especialista en pedagogía terapéutica.”

Sra. Pérez González: o texto tanto o PSOE como nós o fixemos evidentemente en base as reclamacións preparadas pola ANPA, nós rematamos a nosa moción propoñendo a adopción dos seguintes acordos indicados.

Vai en dous puntos por si hai algunha posibilidade de incorpor ao especialista neste curso, que realmente queda un mes de curso, sería fantástico, pero o que realmente se necesita é que se modifique o catálogo para que quede recollida esa figura do especialista en pedagogía terapéutica no CRA, non incluímos nos nosos acordos a solicitude de comedor pero que por suposto nos imos a unir a moción do PSOE.

Sr. Rodríguez Davila: Gostaríanos que estes catro puntos que coinciden foxen unha moción conxunta, nos non presentamos ao final e sumarnos, o Partido socialista presentouna, logo vos e nos imos coa terceira ao final, creo que estamos todos de

acordo, polo tanto se vos parece compañeiros presentámola en conxunto cos membros da Corporación unánime o respecto. Teño que dicir en aras da verdade, como ben dixeches, un dos puntos que propón Movemento Salceda é modificar o catálogo, exactamente, é que hai que modificar o catálogo por que é do 2008, estamos todos de acordo, como ben sabes hai informes preceptivos para esa decisión, non é unha vontade política. En canto ao do comedor creo que fomos mellorando, creo que fomos todos da man, melloramos nos últimos tempos e creo que temos que seguir traballando nese eido, no catálogo aparece un AL por iso hai que cambialo para por un PT, o noso apoio e que compartamos esa moción.

Sr. Alcalde: Fusionamos as dúas mocións, quedando os acordos seguintes:

Instar á Xunta de Galicia a atender as demandas das nais e pais do CRA Raíña Aragonta dotando ao centro:

- 1.- Un profesional de pedagogía terapéutica de incorporación inmediata se fose posible ou se non a modificación do catálogo do CRA Raíña Aragonta para que recolla a incorporación de cando menos un ou unha especialista en pedagogía terapéutica.
- 2.- Instalacións de comedor propias.

Sr. Alcalde: Eliminamos o punto 15 e é unha moción conxunta dos tres grupos representados no Pleno.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción conxunta dos tres grupos, está resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes á sesión; adoptándose o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a atender as demandas das nais e pais do CRA Raíña Aragonta dotando ao centro:

- 1.- Un profesional de pedagogía terapéutica de incorporación inmediata se fose posible ou se non a modificación do catálogo do CRA Raíña Aragonta para que recolla a incorporación de cando menos un ou unha especialista en pedagogía terapéutica.
- 2.- Instalacións de comedor propias.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

PREGUNTAS:

Sr. Alcalde: Vou ler primeiro, as contestacións das preguntas feitas no pleno anterior.

Sr. Rodríguez Davila:

1. Queriamos saber se o plan de evacuación, que nas últimas semanas tivemos noticias del a través dos medios de comunicación, foi unha iniciativa do Goberno por cumprir a lexislación ou foi unha obriga legal imposta pola inspección de traballo?

Foi unha iniciativa deste Goberno, iniciativa que non é habitual nos Concellos da área. Obriga legal é comprobar que as medidas e os sistemas de emerxencia funcionan, non a realización de un simulacro, se ben é a mellor forma de comprobar que todo este ok.

2.- Que criterios ten o Goberno, o Alcalde, á hora de encargar a persoas que se adican a facer libros, chámense historiadores? porque vemos que a mesma persoa se lle encargou elaborar o libro “do Caselas Fútbol Club”, os das “Bandas de Música”, o “Dr. Zunzunegui” a “Tradición oral en Salceda” e a última “Salceda republicana 1936” 2 200 € e resulta que a un centro cultural se lle dan 900 € para todo o ano. Que criterios segue vostede para asignar sistematicamente a mesma persoa o encargo deste tipo de obras?

Dende o Goberno Municipal apostamos pola recuperación e posta en valor da nosa historia e da nosa memoria colectiva: unha ferramenta imprescindible para actuar e tomar decisións sobre a Salceda de hoxe.

Dependendo da temática e das necesidades, ou ben buscamos os perfís que teñan maior coñecemento ou experiencia con traballos previos, ou en moitas ocasións se achegan ata o Concello proxectos en marcha que poden ser do noso interese.

As claves na toma da decisión: a dispoñibilidade dos/as posibles historiadores/as, o custe dos traballos e posibilidades orzamentarias, os prazos de tempo...

En todo caso, cumprindo a Lei de Contratos sempre.

Facer comparativas entre traballos científicos sobre a historia do noso pobo e subvencións...é como comparar o pan de chapata e o roscón de pascoa: ben pouco que ver.

3.- Nos parece ben que as árbores do noso Concello estean en condición óptimas e que se faga a súa poda anual, lle recordo que acaban de facer un gasto de 3.540€ pola poda das árbores da Praza do Concello e das pequenas árbores que hai na Avda. de Galicia, na Fernández Sestelo e na Victoriano Pérez Vidal, lle recordo que isto se

facían con medios propios do Concello, polo que nos aforrariamos 3 500 €.

Vostede lle parece sensato seguir gastando esta cantidade cando se podería facer con medios propios?

A poda faise bianualmente, tal e como recomendan os técnicos de mantemento da empresa de xardiñería, non anualmente como di vostede, por descoñecemento, supoño.

Ademáis da poda das árbores das diferentes rúas, fanse labouras de mantemento e conservaciòn, e control de plagas.

Un gasto màis que xustificado para manter en correcto estado as árbores da vila é un traballo realizado por persoal cualificado.

4.- Hai veciños que logo de pedir unha licenza municipal para facer unha obra de peche nunha finca, depositan unha cantidade de cargos para a urbanización exterior desa parcela. Quero manifestar unha queixa dunha veciña de Parderrubias, de Maceira, que leva dous anos á espera de que o Concello urbanice o fronte da súa fachada porque meteu por rexistro en abril de 2017 a renuncia a que se lle devolverá os 800 € de depósito ¿Por que o Concello leva dous anos sen executar unha obra para a cal ten os cartos que a veciña aportou e xa ten despositados nas arcas do Concello desde hai mais de dous anos?

Efectivamente, a obriga por Lei de urbanizar a cesión obrigatoria nas licenzas de obra dá dúas posibilidades ao/á propietario/a solicitante: executar a urbanización ou que o faga o Concello renunciando ao aval polo valor das obras.

Neste caso, o Concello executará en breve as obras: se non se fixo ata o de agora foi porque o protocolo establecido pola Concellaría de Vías e Obras acumular varias obras xuntas para que a organizacion dos traballos sexa o máis eficiente e con aforro de custes para o Concello.

5.- desde sempre, e nos últimos anos máis que nunca, os medios de comunicación tiveron unha axuda por parte dos Governos municipais importantes, e clama o ceo, a vostede lle parece sensato pagar a medios de comunicación facturade 4 000 € por publicade anual cando logo temos a nos veciños da Feira e do Barreiro que para facer as súas carrazas lle asignamos 1600€? ¿Está de acordo en seguir mantendo este tipo de axudas cando os colectivos teñen o que teñen?

O dereito á información dos veciños e veciñas de Salceda sobre o que co como responsables da xestión dos recursos públicos é un dereito constitucional que este Goberno respeta en ben da transparencia e o rigor.

E os medios de comunicación son imprescindibles para facer chegar esa información a todos e todas.

Facer comparativas sesgadas ou falsas xá como comentei na pregunta anterior é pouco serio.

6.- Logo de ter coñecemento da obriga que lle impuxo Tribunal Supremo ao Concello a pagar o importe interpuxo reclamación pola sentenza que deu lugar a ocupación do terreo detrás da Praza de abastos, os famosos 25 metros, vai vostede pagar do seus cartos, do seu peto ese custe? porque a sabendas de que ía perder a vostede lle deu igual recorrer ao Tribunal Supremo unha sentenza firme? Por que vostede neste pleno municipal dixo que esa sentenza firme era un erro xudicial e entón había que recorrerla ao Tribunal Supremo e resulta que ese xuízo nos custou 56 000 € a maiores dos 25 000 €. Vai pagar vostede do seu bolsillo co custe desa sentenza?

Esta pregunta xá foi contestada en anteriores ocasións.

Máximo respecto ás sentenzas xudiciais, aínda non compartíndoas.

No Estado español quen define a posible responsabilidade contable dos/as responsables públicos son os tribunais, non o PP.

Que por outra banda, sobre estes temas son os menos indicados para dar exemplo.

7.- Cando ten pensado entregar a este Grupo a documentación que desde fai case un ano, desde o 29 de maio presentamos con respecto de facturas dun proveedor que traballa para o Concello. Cando vai vostede entregar a documentación que este Grupo leva solicitado desde o mes de maio do ano pasado?

Tan pronto sexa posible...

Sr. Núñez Troncoso:

1.- Con respecto da publicación no DOGA do 23 de xaneiro dunha orden da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda onde contempla unha bonificación do 10 % do canon pola xestión dos residuos domésticos ou urbanos, pasando a tonelada de 69,83 € a 62.93 €, o que sería un beneficio que repercutiría na minoración dos recibos dos veciños, solicitaron esa bonificación?

Con respecto da publicación no DOGA do 23 de xaneiro dunha orden da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda onde contempla unha bonificación do 10% do canon pola xestión dos residuos domésticos ou urbanos, pasando a tonelada de 69,83 € a 62.93 €, o que sería un beneficio que repercutiría na minoración dos recibos dos veciños, solicitaron esa bonificación? A bonificación non foi solicitada

polo concello de Salceda de caselas ante a falta de garantía da empresa pública SOGAMA de durabilidade do desconto, xa que non se concretou o tempo en que se mantería o mesmo.

A competencia da empresa pública SOGAMA non é a de xestionar a taxa de lixo que os concellos deban de contemplar nas súas ordenanzas, xa que esta é unha competencia puramente Municipal. O concello de Salceda de Caselas ten unha taxa insuficiente para facer fronte ao custe do servizo que é o correspondente a 65€ no casco urbán e 40,60€ no rural. Un custe moi por debaixo dos 97€ que sería a taxa que cubriría o servizo.

2.- Con respecto ao inventario de bens municipais que se aprobou hai un mes, quería saber se o Alcalde ou o equipo de Goberno detectaron que se quedou sen

Adxuntamos copia do escrito realizado pola empresa, no que aclara o acontecido e onde recoñece o erro cometido.

A este goberno parecelle patética e rastrera utilización política por parte do PP, involucrando unha vez máis os provedores da nosa vila.

Sra. Tourón Domínguez: Dixo que se reuniu cos afectados da obra que se está a facer, pregunto: Se reuniu cos afectados de toda a zona o só cos da rúa Compostela?

Reunímonos ca veciñanza de Salceda, co comercio local, con membros de Acisa e cos facultativos do Centro de Saúde.

PREGUNTAS.

Sr. Núñez Troncoso: Queriamos saber si o Alcalde vai a xustificar mediante aas facturas correspondentes os 10.400 € percibidos por Movemento Salceda tal e como se lle esixe as diversas asociacións, centros culturais, etc..? Digo 10.400 € percibidos por Movemento Salceda en concepto de asignación.

Sra. González Rodríguez (PP):

1.- Quería preguntar si se chegou a algún tipo de convenio coa empresa de axuda a domicilio? Si é que non quería saber si se está traballando sobre o tema.

2.- Escoitamos de houbo unha inspección se servizos sociais, queríamos saber si foi favorable, si pediron algunha documentación, como estamos neste aspecto?

Sr. Rodríguez Dávila: Simplemente, non sei si haberá outro pleno extraordinario si non o hai este é último pleno do mandato e como fixemos en todos os últimos plenos do mandato, desexar aos compañeiro/as que van a deixar de formar parte da

Corporación, polo tanto aos van a deixar de ser concelleiros/as desexarlle sorte na vida privada e que reflexionen respecto de moitas decisións que tomaron nos últimos anos que e creo que non estiveron acertados, sobre todo no persoal, no político nos equivocamos todos, e nós tamén nos equivocamos, gracias, un pracer e que a vida vaia ben.

Sra. Tourón Domínguez: Súmome é un pracer compartir corporación e espero que volvamos a ocupar unha silla destas.

Sr. Alcalde: Súmome. Gracias a todos/as, levantamos a sesión.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE